

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Manuel Lago Peñas e Luís Villares Naveira**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte *Proposición non de lei para o seu debate en Pleno*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os últimos anos, os gobernos do Partido Popular viñeron plantexando case como única saída ao desemprego o “mito” do emprendemento, pero mal entendido, dende a perspectiva dun goberno incapaz de acabar co paro, co único obxectivo de que os traballadores capitalizaran as súas prestacións ou aforros familiares para acudir ao emprego autónomo, todo isto sen ningún tipo de axuda previa da Administración pública, en canto o análise dos mercados, necesidades, inversións necesarias etc. Isto fixo que milleros de desempregados foran empuxados ao abismo do autoemprego, abismo que logrou liquidar as súas prestacións, os seus aforros e, en moitos casos, hipotecalos de por vida en negocios que na maior parte dos casos non pasan do segundo ano.

Unha evidencia deste lamentable resultado é que dende a chegada ao Goberno do Sr. Feijoo non deixa de diminuír o número de autónomos. No 2009 había en Galicia 230.493 autónomos, hoxe o último dato di que xa só quedan en Galicia 214.141 autónomos, é dicir, un ritmo de decrecemento de 5 autónomos diarios menos dende que goberna o Sr Feijoo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei para o seu **en Pleno**.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:

- Establecer mecanismos de cotización para as persoas autónomas en relación á facturación real dos mesmos, co límite do salario mínimo.
- Facilitar a acumulación dos pagos destas cotas en períodos superiores ao mes.
- Crear mecanismos que permitan compatibilizar o traballo a tempo parcial autónomo e por conta allea.
- Introducir os autónomos en tódolos mecanismos de diálogo social sobre o traballo autónomo.
- Establecer mecanismos de financiamento público para aqueles autónomos endebedados de por vida por este proceso de autoemprego.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Deputado do G.P. de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea